



Concello de Vilasantar

(Ru s/n 15807 Vilasantar- A Coruña)

www.vilasantar.gal

BASES DO CONCURSO DE DISFRACES DO CONCELLO DE VILASANTAR

“ENTROIDO 2022”

O concurso de disfraces do “Entroido 2022” do Concello de Vilasantar terá lugar o día **26 de febreiro de 2022**, a partir das **17.00 h** no **Local Social de Vilasantar**, e rexerase polas seguintes bases:

PRIMEIRA: Para participar é obrigatorio inscribirse previamente chamando ao Concello de Vilasantar, 981 778 169 (departamento de cultura) ou ben ese mesmo día no lugar de realización con alomenos 10 minutos antes do comezo do concurso. Especificarase o número de compoñentes, o lema de identificación e un representante.

SEGUNDA: Establécense dúas categorías do concurso: a) Comparsa ou grupo e b) individual

Categoría de grupo ou comparsa

1º premio: **300 euros**

2º premio: **150 euros**

Neste caso, entenderanse incluídos nesta categoría de grupo ou comparsa o conxunto de persoas formado por un mínimo de 3 compoñentes representando todos os integrantes do grupo ou comparsa un mesmo motivo.

Categoría de disfraz individual ou duo:

1º premio: **100 euros**

2º premio: **50 euros**

Nesta categoría participarán todos os demais disfraces de forma individual ou o conxunto de persoas formando unha ou dúas persoas.

TERCEIRA: O xurado terá en conta a o vestiario, a maquillaxe, a estética, a orixinalidade, a creatividade, o traballo na elaboración dos disfraces, a organización e a posta en escena, participación e interacción co público, a simpatía e a animación.



Concello de Vilasantar

(Ru s/n 15807 Vilasantar- A Coruña)

www.vilasantar.gal

Terá potestade para resolver calquera dúbida que poida xurdir no desenvolvemento do concurso.

A decisión do xurado será inapelable.

CUARTA: A inscrición implica o total coñecemento e aceptación das bases do concurso. O incumprimento dalgunha destas bases supón a descalificación e baixa do concurso.

Os participantes que precisen de música para a actuación deberana traer en formato usb, e avisar no concello no momento de anotarse.

QUINTA: A entrega de premios terá lugar o mesmo día de celebración do concurso, unha vez feita a avaliación polo xurado.

Os premios poderán quedar desertos no caso de que non haxa participantes.

SEXTA: para cobrar o premio os gañadores deberán de designar un representante (nome, apelidos, DNI) e faciliar no concello un número de conta (con IBAN) a seu nome para facer efectivo o ingreso, xunto cunha fotocopia do DNI.

SEXTA: Os presentes premios serán outorgados con cargo a partida orzamentaria 33022699.

SEPTIMA: O Concello de Vilasantar resérvase o dereito de darlle publicidade a estas bases e o concurso a través dos medios que considere oportunos.

Vilasantar, 9 de febreiro de 2022

O alcalde

Fernando Pérez Fernández

O Alcalde
Vilasantar (A Coruña)

